

**5º.- INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN EN OBRA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS/2014.-**

**OBRA: “LIMPEZA DE CUNETAS Y OBRAS DE DRENAJE EN LAS PARROQUIAS DE PANTIN, VILLARRUBE, VILABOA Y LOIRA (CAMIÑO A LAGOA (PANTIN) Y OTROS)”.**

A Deputación Provincial da Coruña- Sección Plans Provinciais- enviou a este Concello Notificación de aprobación definitiva da obra: “Limpeza de cunetas y obras de drenaje en las parroquias de Pantín, Villarrube, Vilaboa y Loira (Camiño a Lagoa (Pantín) y Otros”, do POS 2014. Código da obra 14.2100.0198.0 e enviou Circular sobor do comezo do expediente de contratación da obra.

No expediente consta providencia de Alcaldía, dispoñendo se emitan os informes necesarios para contratar a obra polo procedemento que se considera máis axeitado: Negociado Sen Publicidade.

Consta informe de secretaría sobre lexislación e procedemento a seguir e documento de intervención de retención de crédito.

Incorporados os pregos de cláusulas administrativas particulares para rexer a contratación cos seus anexos correspondentes.

A Xunta de goberno local por unanimidade, ACORDA:

**1º.-** Que se inicie o procedemento de adxudicación da obra “Limpeza de cunetas y obras de drenaje en las parroquias de Pantín, Villarrube, Vilaboa y Loira (Camiño a Lagoa (Pantín) y Otros” por procedemento negociado sen publicidade.

**2º.-** Aprobar coma pregos para a contratación os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares da Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicados o 1 de xuño de 2012, BOP nº 103, o cuadro de características do contrato, os criterios de valoración e o Anexo V ao prego-tipo; que constan no expediente da súa razón.

**3º.-** Autorizar un gasto de contía de **86.072,48 EUROS**, con cargo á partida 155 21000 do orzamento municipal.

**4º.-** Que se soliciten ofertas ás seguintes empresas:  
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L  
TERRA MEDIO AMBIENTE S.L.  
CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.  
VILLASUSO ORTEGAL, S.L

**5º.-** Dar publicidade do anuncio e de documentos para a contratación na web municipal.